

## ZAMBRANO E DIESTE: UNHA AMIZADE NA «HORA DE ESPAÑA»

MARÍA LEYRA FERNÁNDEZ-LABANDERA  
*IES Ramón Cabanillas, Cambados (Pontevedra)*

### RESUMEN

Se aborda la relación entre María Zambrano y Rafael Dieste desde espacios vivenciales y literarios. Ambos autores participaron en las Misiones Pedagógicas, actividad enmarcada en la España de la II República. Ocupación en la que trasladan al pueblo la necesidad de una educación transformadora. Distanciados del intelectualismo de los institucionalistas, se acercan al pueblo buscando un lugar de encuentro, de un camino por el cual transitar intercambiando experiencias y sentires. En cuanto al espacio literario, tenemos que señalar especialmente la participación en el cuerpo de la redacción de la efímera, pero fructífera, revista *La Hora de España*. A pesar de que los autores no tendrán muchos momentos de encuentro a lo largo de sus vidas tendrán una larga relación epistolar. Veremos a través de las cartas los perfiles más desconocidos de los escritores. Un pensamiento en gestación vertido en la relación epistolar que los mantuvo unidos tras la diáspora de la Guerra Civil. Analizando algunos de los textos de Rafael Dieste de vertiente más filosófica encontraremos canales de comunicación con la razón poética de la filósofa.

*Palabras clave:* Zambrano, Dieste, La hora de España, Misiones Pedagógicas, II República, Institución Libre de Enseñanza, Guerra Civil, cartas.

### ABSTRACT

We will deal with the relationship between María Zambrano and Rafael Dieste from a life and literary perspective. Both authors took part in the «*Misiones Pedagógicas*», an activity developed during the Spanish II Republic. In this duty they tried to make people aware of the importance of the transforming power of education. Distancing themselves from the intellectualism of the members of the «*Institución Libre de Enseñanza*» they got closer to the people trying to find a common path where they could walk together sharing experiences

---

*Recibido:* 22/03/2012. *Aceptado:* 09/12/2013.

and feelings. Regarding the literary issues we must point specially the work of both authors in the short-lived but fruitful journal, «*La hora de España*». Although both authors did not meet often during their lives they maintained a long epistolary relation. Through the letters they wrote each other we will see the most unknown profiles of both authors. A growing thought poured over the epistolary relation that kept them joined after the Spanish Civil War exile. Through the study of some of Rafael Dieste's more philosophic works we will find junctions with María Zambrano's poetic reason.

*Keywords:* Zambrano, Dieste, La Hora de España, Misiones Pedagógicas, Spanish Republic, Institución Libre de Enseñanza, Spanish Civil War, letters.

## Introdución

Achegarse a unha relación epistolar allea sempre aporta un *plus* de curiosidade que engade peso á definición canónica da filosofía. Curiosidade que axiña trócase en abraio ao afondar nestes textos que aportan moita luz ás páxinas de finalidade pública. Sen dúbida moitas das cartas que María Zambrano escribe ao longo da súa vida tiñan a vontade explícita de ser publicadas. Isto non semella patente na relación epistolar que establece con Rafael Dieste. Transmite unha frescura, lixeira da presión do foro, na que se entreviran notas biográficas e teses intelectuais. Algunhas tan salientables que chegan a ser apuntamentos dun pensamento en xestación, anuncios dunha nova interpretación do *logos*. Por outra banda, as cartas de Rafael Dieste a María Zambrano amósannos a un escritor que tensa o nome do seu oficio. Dende elas atopamos títulos de obras e reflexións do autor de Rianxo que nos permiten falar dun pensador con maiúsculas. Ante tal evento a pregunta que compre facerse é obvia, por que tan descoñecida esta faceta, por que tan pouco recoñecida.<sup>1</sup> Rafael Dieste é un dos grandes esquecidos no eido filosófico a pesar dos profundos coñecementos sobre o tema reflectidos nas súas páxinas. A través da súa escrita e das cartas conservadas albíscase un pensador sólido, forxado na dureza dos golpes da fragua dunha xeración dificilmente repetible.

Intentaremos nestas liñas non tanto contabilizar os encontros e a relación epistolar entre Rafael Dieste e María Zambrano como amosar a atmosfera desta amizade. Pretenderase poñer sobre o pano os ingredientes que configuran o caldo de cultivo dun pensamento en xestación e algunhas das súas concorrencias máis salientables. Polo tanto, é inevitable recorrer ás cartas e

<sup>1</sup> O profesor Arturo Casas na conferencia «Filosofía de la historia en la ensayística de Rafael Dieste», (*X Xornadas Internacionais de Hispanismo Filosófico, Crisis de la modernidad y filosofías ibéricas*, 13-15 de abril de 2011, Santiago de Compostela), facíase eco desta inqueda, do por que non estaba Rafael Dieste no canon do pensamento español.

experiencias comúns, farémolo na procura dun marco, dun horizonte. Abordar a frutífera relación, máis sen intentar abarcar todas as temáticas que os relacionan, é a nosa premisa principal. Entendemos que a profundidade e variedade das producións destes pensadores é enorme polo que este será un ensaio de aproximación a un contexto, deixando para traballos posteriores a tarefa de análises máis amplas. Bosquexar a contorna histórica e epistolar será o noso cometido.

O comezo da tarefa intelectual destes autores vese dominado por un ambiente que favorece certas directrices estéticas e intelectuais. A escrita de Rafael Dieste no seu libro de ensaio filosófico *El alma y el espejo* presenta certas cadencias estilísticas que o ligan á fondura expresiva de María Zambrano. O peso da retórica modernista, tan presente en Ortega, como ben ten sinalado o profesor Aranguren ao falaren do pai da Escola de Madrid, está no aire, na escrita desta xeración. María Zambrano e Rafael Dieste semellan poetas máis que ensaístas ou filósofos. Ortega categoricamente dicía que ou ben se fai literatura, ou precisión ou se cala un. El mesmo non deixou nunca de falar incluso absténdose de seren fiel a súa sentenza. Así o expoñía Aranguren: «Por lo mismo que hay esta distinción interior entre la idea y la palabra, el pensamiento de Ortega es más separable –nunca es completamente separable el pensamiento de la palabra– pero es más relativamente separable que en el pensamiento de María Zambrano. El pensamiento de María Zambrano es verdaderamente un pensamiento poético...»<sup>2</sup>

Podemos estender esta reflexión ao caso de Rafael Dieste, sobre todo ao Rafael Dieste de *El Alma y El Espejo*, o Rafael Dieste máis filosófico. Nin Rafael Dieste nin María Zambrano foron filósofos no sentido *disciplinable* do termo. Aranguren no devandito artigo fala dun tipo de filosofía *disciplinable*, aquela que cristaliza sobre si mesma nun sistema. Máis ben o pensamento de María Zambrano, e niso coincide coa obra filosófica de Rafael Dieste, quere ser xogo aínda que controlado. Xogan cos conceptos nun mundo onde parece pouco probable divertirse, albiscan maneiras de tensalos quizais na procura de perímetros difusos para a razón máis académica.

Grandes coñecedores ambos da tradición occidental. É ben sabido que María Zambrano sincretiza toda unha tradición na que conflúen o pensamento europeo, a tradición alemá, sobre todo exportada por Ortega e máis adiante por Zubiri, e a oriental, procedente da tradición española no seu contacto co

---

<sup>2</sup> J. L. Aranguren, «Filosofía y poesía» en *Papeles de Almagro, El pensamiento de María Zambrano*, Madrid, Ed. Zero, 1983, p. 113. No mesmo escrito Aranguren apelando a certas pasaxes de Ortega adicadas ao golf afirmaba que sentía ao léelas vergonza allea.

mundo árabe. Menos coñecido se cabe é a amplitude de miras filosóficas que Rafael Dieste denota neste devandito ensaio.

Non é de estrañar que trabaran unha profunda amizade. Rafael Dieste era gran coñecedor da matemática, da literatura e, sobre todo, da alma humana. Lémbrese que tamén María Zambrano é unha autora que rende grande admiración polas matemáticas e a música, polo pitagorismo. Deixounos moitas páxinas referidas a esta temática, sobre todo no seu libro *El hombre y lo divino*. Sempre botou de menos non posuír máis coñecementos matemáticos. Á música tamén tivo que renunciar a prol dos seus estudos de filosofía, entendidos como un quefacer máis práctico por Don Blas Zambrano, pai de María Zambrano. Na súa obra persiste o intento de recuperación no ritmo poético deste saber inicialmente rexeitado. Número e música son constantes que se repiten en ambos autores.

### As Misións Pedagóxicas, espazo de cultura e traballo nas raíces do pobo

Tanto María Zambrano como Rafael Dieste farán das súas respectivas escritas un espazo de achegamento ao pobo, un esforzo por mergullarse nas capas populares e darlles voz. O cerne espazo-temporal no que vanse desenvolver estas inquedanzas quedará recollido na colaboración que levan a cabo nas Misións Pedagóxicas.

O horizonte histórico común, do cal vimos falando, vai serlles o eixo de moitos momentos cruciais nas súas vidas. Forman parte das Misións Pedagóxicas, dos intelectuais republicanos que trala derrota vense obrigados ao exilio. María Zambrano cóntanos nun emotivo artigo como se coñecen<sup>3</sup>. No café literario La Granja del Henar, espazo mítico no que escoitaban arengar a don Ramón María del Valle-Inclán.<sup>4</sup> Entende María Zambrano unha ligazón entre ambos galegos, «una peculiarísima maneira de ser gallegos» engade, que ve nas romarías, nas peregrinacións a Santiago. La Granja del Henar é descrita pola autora como «púlpito adecuado», «lugar natural» para don Ramón nas súas horas de narrador incansable de historias vividas e recreadas. Lugar de

<sup>3</sup> Zambrano, «Rafael Dieste y su enigma», *Diario 16*, 26 mayo-85, Culturas nº 7, p. III.

<sup>4</sup> María Zambrano non deixa constancia das datas nas que se coñecen. Tendo en conta que Rafael Dieste viaxa a Londres en 1928 para reencontrarse co seu irmán Eduardo, que alí exercía como cónsul de Uruguai, estimamos oportuno pensar neste ano. Na casa de Eduardo pasa un trimestre e, tras un periodo en París e outro en Rianxo, en 1930 volverá a Madrid para instalarse e posteriormente celebrar a República. Posiblemente é no 1928 cando ambos autores se coñecen no mítico café. Contra o ano 1932 ingresa Rafael Dieste nas Misións Pedagóxicas, consolidando deste xeito a amizade con María Zambrano.

fusión de ánimos para escritores e creadores en xeral nun momento de suma importancia histórica.<sup>5</sup> Espazo ao cal tamén acudía Azaña, e moitos outros persoeiros históricos, como aparece recollido nas súas memorias.

Rafael Dieste residía en Inglaterra nese intre, iso fíxolles imposible outro reencontro máis próximo. Nesta primeira xuntanza o máis salientable para a filósofa foi *o atoparse cun verdadeiro filósofo, algo raro na España de entón*, afirma a autora. Nesta conversa inicial falan da insuficiencia da fenomenoloxía entón de moda. A relación de María Zambrano coa fenomenoloxía é controvertida.<sup>6</sup> É un tema central na súa obra, a fenomenoloxía do soño. Temática que transcende, como afirma o profesor Juan Fernando Ortega (no artigo «Muerte y resurrección en la metafísica de María Zambrano»<sup>7</sup>), ao propio tema do soño, sendo a primeira vía para o coñecemento. Así as cousas, semella que María Zambrano resístese a admitir o método da fenomenoloxía eidética de Husserl mais non a senda aberta polo Heidegger de *O ser e o tempo*. Sendo sintomático o propio título dunha das obras mais señoiras da autora *Los sueños y el tiempo*, como afirma o profesor Juan Fernando Ortega no devandito ensaio.

María Zambrano coñece a un ávido interlocutor que non titubea en chamar verdadeiro filósofo: «Que estaba en el filosofar dando al mismo tiempo la

<sup>5</sup> Falando Rafael Dieste de seu admirado Valle-inclán, («Hispanidad de Valle Inclán», *Hora de España*, Tomo I, Ed. Laia, 1977, p. 348), afirma: «En la Galicia inocente y arcaica, se cuentan tres tempos: el de los mozos, el de los viejos y el de los antiguos. En este el horizonte se aquieta, y no hay línea episódica que señale su límite. Está siempre tan cerca y tan lejos como el cielo. Y a su regalo se atribuye todo lo que tiene gracia y dignidad imperturbables. En este cielo del tiempo antiguo de Galicia están los héroes, el arte de tejer, la sutileza de los presagios –que hereda el labrador–, las promesas firmes... Ahondando en esta su viva antigüedad, Valle Inclán pasó el riesgo de quedar prendido en tradicionalismo; sobrepujó ese riesgo con aquella hondura, y en ésta halló firmeza para afrontar con amanecida razón todos los tiempos que viniesen. ‘Cuando mires tu imagen, evoca tu sombra de niño. Quien sabe del pasado sabe del porvenir’. ¡Saber del pasado por saber de niñez! No hay que olvidar que su niñez fue el tiempo de los antiguos. Valle Inclán tenía mil años.»

<sup>6</sup> Conta o profesor Juan Fernando Ortega no seu artigo «Muerte y resurrección de la metafísica en María Zambrano» (artigo incluído no libro de A. Sánchez Cuervo, A. Sánchez Andrés y G. Sánchez Díaz (Coords.), *María Zambrano pensamiento y exilio*, Ed. Biblioteca nueva, Madrid, 2010, pp. 208-209) como nunha carta dende Xenebra o 23 de abril de 1981 escríbelle eloxiando o seu artigo «La superación del racionalismo en María Zambrano». Sen embargo, cando a Fundación recibe a súa biblioteca aparece anotado un *non* ante a consideración de Juan Fernando Ortega recoñecendo a Zambrano como fenomenóloga. E como, a pesar diso, a autora recoñécese como fenomenóloga nun texto que precede con tres capítulos á publicación de 1986 da obra *El sueño creador*. Por suposto, compre salientar que o emprego do método fenomenolóxico pola autora ofrece características orixinais, disidentes do método husserliano e próximas á etimoloxía do concepto.

<sup>7</sup> O. c., pp. 193-226.

salida de este tan estrecho lugar, insalvable redil para tantos, o para todos, los que en este redil se aquietan y aun llegan a ‘establecerse’ como tales filósofos, llegando inclusive a no alimentarse de más pastos que de aquellos que creen sean los únicos de cierto y debidamente registrados.»<sup>8</sup> Claro está o sentir da autora ofrecendo este bocexo singular da fasquía de Rafael Dieste. O autor recreou nas súas obras un espírito moi próximo á filosofía. Unha filosofía do sentir máis que do ser, como na autora de Vélez-Málaga. Recrean un sentido extenso da palabra, allea a convocatorias estereotipadas, sempre en fuxida dos focos poderosos. Autores ambos entregados a non desmentir na vida o que na escrita plasman, comprometidos nunha realidade doada para o silencio.

Rafael Dieste e María Zambrano teñen un destino que non vai a facer por agasallalos con intres de encontros, máis ben ao contrario. No artigo que dedica a Rafael Dieste no *Diario 16* percíbeo como alguén que pertencía ao seu destino. De feito, participaron nas Misións Pedagóxicas, na visita ao pobo de Zuluendos. Alí paseando, Zambrano e Rafael Dieste, nunha evocadora imaxe que a autora enmarca na *claridade imantada dos bosques*, imaxinan unha fundación. Semella case unha paisaxe adolescente onde os protagonistas dan renda solta a súa imaxinación procurándose un futuro. Fundación de amigos, case grega se non fora pola aspiración a *un prelo* para imprimir *unha revista* ou *libros invendibles*, di a autora. Dende logo, nun ambiente de pobreza extrema como na que vivían os habitantes dos pobos asistidos polas Misións Pedagóxicas é un acto case de fe o que estes dous grandes autores soñan. Foi un soño esnaquizado o destes traballadores da República. Un soño que non se cumpre, pero isto non impedirá que ambos pensadores traballen en colaboración mutua.

Nesa época, 1932, Dieste pide á Xunta de Ampliación de Estudos unha pensión para poder estudar costumes, a linguaxe coloquial, as relacións dos distintos estamentos, etcétera.<sup>9</sup> Tras entrevistarse co Secretario da Xunta, foi enviado a falar con Pedro Salinas quen nun primeiro momento o recibe sen moitos ánimos. Tras escoitalo mudou o ton e díxolle que as pensións eran para o estranxeiro pero que se tiña interese podía crear un Teatro de Monicreques para as Misións Pedagóxicas. Con isto e algunhas tarefas máis entraría a formar parte do proxecto. Rafael Dieste acepta axiña e Salinas ofrécelle tamén unha beca para o seguinte ano no estranxeiro. Faltáballe unha entrevista máis, con Bartolomé Cossio. Esta foi unha reunión inspirada e de gran conexión

<sup>8</sup> María Zambrano, «Rafael Dieste y su enigma», O. c., p. III.

<sup>9</sup> Seguimos neste punto o libro de Marga Romero *Entrevistas con Rafael Dieste*, Ed. Nigra, Vigo, 1994. C. VI: «O misionero: ese xogar de rara especie», pp. 111-143.

entrambos. Cossío aproba a incorporación de Rafael Dieste dicíndolle a Salinas «é unha persoa». Nesta ocupación non se sente propiamente funcionario senón máis ben un xograr, *un xograr de rara especie*. Non seguían un horario e rutinas dun traballo común senón que traballaban dun xeito vocacional sen unhas normas fixas. Isto non quere dicir segundo nos conta Rafael Dieste que non fora unha empresa dura. A empresa pedagóxica foi altamente moderna para a época, dispoñían de material audiovisual, películas de Charlot, cancións populares, reproducións dos grandes cadros do Museo del Prado, etc. Introducían cada acción cultural provocando, estimulando, seducindo. Pola contra, non o facían con grande erudición, ensinaban dende o achegamento ao pobo. Ensinábanlles e aconsellábanlles sobre saúde, alimentación, etc.<sup>10</sup>

Para Rafael Dieste as fontes das que beben as Misións Pedagóxicas son, por unha banda, institucionalistas como Giner de los Ríos, Cossío, Antonio Machado. Pero, por outra, eran xente moi nova e crítica co exceso de demanda cultural por parte dos institucionalistas. Pensaban que outras eran as cousas que nas aldeas e vilas se precisaban. Ademais eran un grupo moi especial, moi heteroxéneo –Sánchez Barbudo, María Zambrano, Eduardo Vicente, Ramón Gaya, Arturo Serrano Plaja, Luis Cernuda, Otero Espasandín, Emilio Azcoaga, Lorenzo Varela, Urbano LUGRÍS, Miguel Prieto, Antonio Ramos, Cándido Fernández Mazas...– e non reducible a unha mera liña de traballo. Rafael Dieste destaca singularmente as figuras de Cossío e Antonio Machado, *moi por enriba, ou na marxe, do ambiente da Institución*. O autor de Rianxo reconece a débeda do grupo con Unamuno e Ortega, aínda que subliña certas disidencias. Incluso fala de certas *rebeldías* no caso da discípula María Zambrano. Subliña ademais a proximidade do grupo cara a Unamuno, *máis tolo*, fronte a Ortega, *máis consecuenta*.

O espírito dos misioneiros non é, segundo Rafael Dieste, de «regusto arqueolóxico». Semella que Tuñón de Lara así o percibía, nembargante o escritor rianxeiro entende que a única arqueoloxía que eles facían era a da sensibilidade e a proximidade. Os misioneiros, adiantanse nalgúns aspectos ao modelo de aprendizaxe significativa. Recitan romances e bailan muiñeiras que a xente do pobo xa coñecía. Nese senso afastábanse do intelectualismo da I. L. E. para achegárense a un modelo de aprendizaxe máis dinámica e democrática na súa estrutura. Os misioneiros non son meros transmisores de cultura, son intérpretes,

<sup>10</sup> No ano 27 Rafael Dieste ingresa no Seminario de Estudos Galegos dirixido por Castelao. Seminario próximo ao ideario da Institución Libre de Enseñanza pero cun escaso interese pola diversidade cultural do pobo. Aspecto co cal Dieste non coincidiría e así o facía saber na columna que logo dará o título á recompilación de *Antre a terra e o ceo*. Intereses que Rafael Dieste vai a difundir posteriormente na súa labouira nas Misións Pedagóxicas. Cfr. A. Casas, O. c., pp. 55-56.

artistas, que empregan o seu labor como eixo de transformación social e política. Rafael Dieste o evidencia moi claramente no seguinte parágrafo:

Nosoutros non lle dixemos nunca ao pobo, nin lle suxerimos de ningunha maneira, que estaban nun baixo nivel de cultura e tiña que elevarse. Sempre lle dixemos que a súa cultura tiña un valor, e que desas formas sinxelas que eles coñecían floreceran grandes manifestacións da música e da poesía española.

Pondo un exemplo. Lembro que nunha Misión nos acompañaba un inspector, que non se compenetraba co noso labor e tomaba actitudes moi distantes. Nunha ocasión fixo un discursiño no que apuntaba co dedo dunha maneira feroz cara o público para dicirlles: ‘Vós –e cada vez que dicía vós estendía como unha lanza o índice contra deles–, e que non respectades as árbores; vós que non tendes amor á cultura; vós que estades durmidos, a ver se espertades en presenza destes señores...’ Entón María Zambrano díxome: ‘Ben isto botouno a perder este bo home, tes que falar ti, Rafael, non hai mais remedio’.<sup>11</sup>

Rafael Dieste resolve este atranco revalorizando o saber do pobo gabándoos e engaiolándoos coas achegas do pobo, a lingua, as cancións. En definitiva, a empresa era de comunicación, de estímulo fundamentalmente. María Zambrano e Rafael Dieste téñeno moi presente como se pode percibir nesta anécdota. Ambos estiman unha nova ruta de transformación, afastado da pedantería e das relacións de poder acotío establecidas cun pobo «pobre e analfabeto», mais non inculto, como Dieste e Zambrano lles recoñecen.

### A Hora de España, a eclosión da «constelación alma»

O feixe de escritores que conforman este grupo xeracional farán un quebro coa metafísica idealista que caracterizou o pensamento precedente. En palabras do profesor Cerezo Galán:

Espíritu es comunidad universal de agentes racionales y libres, aunados por vínculos, no de sangre sino de pensamiento objetivo y común... Alguien es espíritu en cuanto participa activamente en esta herencia universal.<sup>12</sup>

<sup>11</sup> Marga Romero, *Entrevistas con Rafael Dieste*, Ed. Nigra, Vigo, 1994, pp. 119-120.

<sup>12</sup> Pedro Cerezo Galán denomina deste xeito, constelación alma, ao conxunto dos escritores que alumean o ceo español na franxa temporal que vai desde a crise de fin de século ata a guerra civil. Cfr. P. C. Galán, «Constelación alma», *Actas III Congreso Internacional sobre La vida y obra de María Zambrano: María Zambrano y la «III Edad de plata» de la cultura española –Vélez-Málaga, 1998*, Fundación María Zambrano, Vélez-Málaga, 2004, p. 13.

Na contorna desta nova maneira de achegarse ao eido espiritual atopamos ao grupo de *Hora de España*. Comezaremos poñendo o foco na correspondencia entrambos pensadores para avistar ás pinceladas claves deste bocexo. As cartas entre os autores son un material indispensable para afondar nesta amizade.<sup>13</sup> Non nos consta que tralo exilio volveran a ter ningún tipo de relación máis aló da epistolar. Nas cartas entre María Zambrano e Rafael Dieste sempre aparece a *praxe*, como di Dieste, a parcela dos traballos que publican acotío en revistas e xornais<sup>14</sup>. Especial mención cabe das colaboracións en *Hora de España*.<sup>15</sup> Na reimpresión da revista nos anos 70 podemos ler as palabras de Enrique Montero, «Palabras Previas», nas que reclama o renacemento deste singular documento de literatura, poesía, ensaio e teatro durante a guerra de España. Iníciase a publicación na España Republicana xa estabilizada e remata ao fío da invasión de Cataluña polo exército franquista (Valencia, xaneiro 1937-Barcelona, novembro 1938). Fálase dun derradeiro nº23 da revista que se cría destruído cando as tropas do xeneral Yagüe irrompen en Barcelona o 25 de xaneiro do 1939. Consta que Antonio Sánchez Barbudo viu as probas do artigo de Antonio Machado para o nº 23, posiblemente o último da súa vida, curiosamente dedicado ao seu bo amigo en Segovia Blas Zambrano, pai da filósofa de Vélez.<sup>16</sup> Todo isto afirmábase antes de que se descubriera o nº 23, finalmente publicado. No mesmo texto sinalado, Enrique Montero cóntanos:

La revista fue creada por Antonio Sánchez Barbudo, Rafael Dieste, Manuel Altolaguirre que se encargó de la edición, Juan Gil-Albert y el pintor Ramón Gaya, que dibujó las viñetas. A este grupo que constituía la redacción, se van añadiendo en sucesivos números los nombres de: Arturo Serrano Plaja, Ángel Gaos, María Zambrano, Enrique Casal Chapí y José María Quiroga Pla. Lo primero que llama la atención del cuerpo de redacción, es decir,

<sup>13</sup> Cartas que intercambian entre os anos 1933-1974.

<sup>14</sup> Ambos autores viviron a meirande parte das súas vidas sen ningún honorario fixo. As publicacións e as ganancias coas mesmas era unha das temáticas destas cartas.

<sup>15</sup> Conta o poeta malagueño Moreno Villa na súa obra *Vida en claro*: «Unos literatos jóvenes, Gil-Albert, Dieste, Gaya y Barbudo me pidieron que fuese a ver al Director de Propaganda para hacer otra revista... Así se fundó *Hora de España*, donde tantas cosas buenas publicó Antonio Machado». (Citado por Antón Castro no seu artigo «Recuerdo de Rafael Dieste desde Venezuela». <http://antoncastro.blogia.com>. 19/11/2010).

<sup>16</sup> Cfr. Enrique Montero, «Palabras Previas», *Hora de España. Revista mensual, nº1. Tomo I (Números I-V, Valencia, enero 1937-Mayo 1937)*. Ed. Laia, Barcelona, 1977, p. VII. Tras «35 años largos» afirma a propia María Zambrano vaise a publicar o nº 23. O prólogo corre a cargo da autora. Este dato vai a ser comentado por R. Dieste nunha carta emitida desde Rianxo o 26/10/1973 a unha M. Zambrano que acaba de despedir a súa irmá Araceli en La Pièce. Crozet-par-Gex-Ain. (Araceli morre o 20 de febreiro do 1972, mais é un ano despois cando a familia dos Dieste coñece a noticia e así o fará saber na devandita carta).

del motor, es su gran juventud en contraste con el cuerpo de colaboración constituído casi exclusivamente por los artistas ya consagrados: Sánchez Barbudo tenía 26 años al empezar la guerra, Gil-Albert 25, Dieste 31... y Manuel Altolaguirre nacido en 1905 era el 'benjamín' de la generación de Lorca y Alberti... En el último número aparece un comité directivo, compuesto por Rafael Alberti, María Zambrano, José María Quiroga Pla y Emilio Prados en función de secretario.<sup>17</sup>

Semella que o soño da fundación de Zambrano en Zuluendos toma corpo nesta revista, por desgraza efémera, na que un grupo de amigos, todos moi novos e con moitas gañas ían formar unha opinión pública valiosa, achegada ao pobo. O elenco de intelectuais que formaban o «Consejo de Colaboración» reunía nomes como o de León Felipe, Antonio Machado, José Bergamín, Dámaso Alonso, José Gaos, etc. Tamén salientables son os escritores que se facían eco nas páxinas de *Hora de España* da guerra como Miguel Hernández ou José Herrera Petere.

A revista foi un caso singular, insólito, di Ramón Gaya, desde o punto de vista bibliográfico.<sup>18</sup> A variedade das temáticas, como pode constatare nos índices das mesmas, foi absolutamente orixinal, unha novidade. Fronte a esta, houbo outras interesantes publicacións cun cariz máis nesgado: *El mono Azul*, *Madrid*, *Nueva Cultura*, etc. Os textos presentan traballos de poesía, ensaio, crónicas de guerra escritas polo denominado «batallón do talento». Intelectuais como Miguel Hernández, tamén misioneiro pedagóxico, loitaba como soldado e transcribía as crónicas como correspondente de guerra.

Compre sinalar, dado os autores que nos ocupan, o papel da poesía neste momento histórico. A poesía foi entendida como unha canle revolucionaria de transmisión dunha vontade de responsabilidade vital. Unha poesía da vida ao servizo do pobo. Unhas circunstancias de guerra que constitúen o obrigado escenario para estes intelectuais maduros precozmente.<sup>19</sup> Como afirma Antonio Machado:

No hay guerra sin retórica. Y lo característico de la retórica guerrera consiste en ser ella misma para los dos beligerantes, como si ambos comulgasen en

<sup>17</sup> O. c., p. VII.

<sup>18</sup> O. c., p. X.

<sup>19</sup> «La guerra no se compone toda de heroísmo, ni principalmente. Habría que mostrar, con evidencia comunicativa de lo poético, el sufrimiento humano dentro del cuadro grandioso y terrible de la guerra; el eterno sufrimiento del hombre, aherrojado por su destino implacable. Y tratándose de nosotros, para encontrar el acento español y su valor nacional, encadenarlo con nuestro rastro histórico; el auténtico y profundo, no el recompuesto, anecdótico y tendencioso.» O. c., pp. XIV, XV.

las mismas razones y hubiesen llegado a un previo acuerdo sobre las mismas verdades. De aquí deducía mi maestro la irracionalidad de la guerra, por un lado, y de la retórica, por otro.<sup>20</sup>

Semella, lémbraños Machado, como a poesía é o canle que, compartindo a irracionalidade da guerra, serve aos contrincantes. É a poesía, neste singular momento, a trabe para falar do que dificilmente pode ser transmitido. Escrita que segundo Machado non so é para o pobo senón que parte do mesmo pobo.<sup>21</sup> Apelando ao rexurdimento do dicir poético Zambrano entenderá esa poesía que está a irromper:

Poesía, palabra brotando pura de la caverna de España, allí donde comenzó la vida, el primer latido, memoria y olvido, saber hecho de olvido y de adivinación. Conciencia sin juicio, inocente justicia como es siempre la poesía no voluntaria, la que nace en obediencia a la hora histórica, no a la enajenación ‘personal’, lujo cultivado de unos cuantos.<sup>22</sup>

Zambrano entende que a poesía do momento xa veu anunciada por Juan Ramón Jimenez pero foron Lorca, Alberti, Gerardo Diego, Salinas, Emilio Prados ou Cernuda, entre outros, os que foron quen de *adelgazar o idioma* albiscando o afundido, a escuridade das entrañas tan requiridas pola autora. A poesía por seren canle de transmisión que non precisa da preparación filosófica será tamén voz para o pobo e do pobo. É a palabra inicial, eco da realidade é a palabra poética. En troques a fala espontánea é entendida pola autora como ‘mentira’, palabra alienada.<sup>23</sup> Non nos sorprenderá que cando María Zambrano faga a derradeira homenaxe a Rafael Dieste queira que as súas palabras sexan eco e non mar, palabras que son penetradas directamente pola realidade.

Cabe subliñar o xiro lingüístico que ten cabida nesta xeración de intelectuais. Os vellos discursos non serven como vehículo de transformación. Entenden que unha das claves para cambiar a realidade consistirá en achegarse as capas populares embebéndose no seu mundo. Este achegamento non será angueira exclusiva da poesía, o drama, o teatro tamén van xogar unha salientable partida. Deste xeito Manuel Altolaguirre caracteriza ao Rafael

<sup>20</sup> Antonio Machado, «Consejos, sentencias y donaires de Juan de Mairena y de su maestro Abel Martín», O. c., pp. 8-9.

<sup>21</sup> «Escribir para el pueblo es llamarse Cervantes, en España; Shakespeare, en Inglaterra; Tolstoi en Rusia. Es el milagro de los genios de la palabra. Por eso yo no he pasado de ser folclorista, aprendiz, a mi modo, de saber popular. Siempre que advirtáis un tono seguro en mis palabras, pensad que os estoy enseñando algo que creo haber aprendido del pueblo». O. c., p. 12.

<sup>22</sup> María Zambrano, *Delirio y destino*, Madrid, Ed. Mondadori, 1989, p. 61.

<sup>23</sup> Cfr. O. c., pp. 59-60.

Dieste de *La vieja piel del mundo* como «un verdadero maestro, un maestro sin cátedra, de los que dicen sus parábolas en una playa ante un auditorio de pescadores o ante un grupo de campesinos. (No olvidemos su colaboración con las Misiones Pedagógicas).»<sup>24</sup> Nesta nietzscheana obra de Dieste atopamos liñas de conexión inevitable con Zambrano. O peso da obra de Nietzsche nesta xeración é patente. Dieste chega a dicir: «La poesía, el mito, la historia universal, es verbo de un nombre que no se deja aprisionar.»<sup>25</sup> Parécenos lembrar a recusación nietzscheana á petrificación dos conceptos no platonismo. O contexto do drama e o da poesía amósanse receptáculos idóneos para esta tarefa de reubicación conceptual. E, talvez, máis que de novas procuras trátase de rachar co discurso trazado para avistar horizontes doutrinais alternativos. No caso de Zambrano o interese por pescudar un novo *logos* sempre estará trabado á *poiesis*. Razón poética que ben podería ser chamada «razón plástica» no senso de que as palabras andan apuntando imaxes máis que ideas. E, no caso de Dieste, pódese tamén albiscar unha liñaxe común como afirma o profesor Arturo Casas:

A razón poética que ilumina a obra toda de Dieste funciona tamén como principio indutor dunha determinada selección estilística (...) Razón poética que non é marca exclusiva da palabra do noso autor, que comparte fundamentalmente con algún dos seus compañeiros do grupo *Hora de España*, sinaladamente con María Zambrano.<sup>26</sup>

Unha das claves xeracionais do grupo *Hora de España* ficará acoutada no emprego da palabra sen construcións denotativas. Non só a metáfora senón unha ampla simboloxía será empregada na escrita destes pensadores. Simboloxía que intenta apresar o clamor do pobo pola canle da poesía.

<sup>24</sup> Manuel Altolaguirre, «Dos libros», O. c., p. 59.

<sup>25</sup> Rafael Dieste, «La vieja piel del mundo», *El alma y el espejo*, Madrid., Alianza editorial, 1981, p. 210. No *Epistolario amoroso* entre R. Dieste e a súa muller, Carmen Muñoz ( O. c., p. 116), o escritor rianxeiro alude tamén á poesía, na carta datada o 21 de marzo do 1939 dende Poitiers, nestes termos: «Hace un poco me venía a la imaginación muchísimas cosas de las que me dices en tus cartas y tenía contigo una animada conversación en la que te consultaba asuntos muy serios (es decir de literatura o, mejor dicho, de poesía, que es lo serio de la literatura)».

<sup>26</sup> Arturo Casas, O. c., p. 303. Nunha nota ao pé da páxina 42 o autor denuncia o inxusto emprego de xeito exclusivista da *razón poética* para referirnos á obra zambraniana. Agarda que esta teña tamén un senso máis ancho e, polo tanto, extensible á obra diesteana e de outros autores da *Hora de España*.

## A piedade, unha maneira de tratar co «outro»

Dieste retoma o enclave paradoxal do eterno retorno nietzscheano para lembrarnos que debe ser interpretado na historia.

¿Cómo se concilia el sentimiento dionisiaco de la eternidad prometida –o de la eterna juventud– con el universo histórico? La confianza dionisiaca en la apariencia, el amor al mundo y al regalo primaveral de su manifestación, crea el anhelo de presencia. Los griegos quisieron ser testigos del mito antepasado y del origen de su propia razón... Pues toda tragedia es en principio, jurídica, y en ella pleitea el hombre con la divinidad... La tragedia griega no es conciliación, sino acto. Pide nombre a la historia universal.<sup>27</sup>

Demanda xurídica dun tempo nun momento histórico peculiar. Zambrano tamén retomará o interese polo tempo partindo dunha visión da eternidade na que conflúen a tradición grega e a cristián. Os sonhos sérvenlle de «datos», de sentires, de impresións onde pescudar a súa investigación sobre o tempo. Sendo tamén a traxedia unha das canles para artellar dita proposta.<sup>28</sup> Nesta dirección Dieste apunta: «La tragedia se nombra sin palabras –pues éstas son para definir la figura de su propio silencio–, porque es en sí un acto litúrgico de adoración».<sup>29</sup> A filósofa-poeta non anda moi afastada cando fala da traxedia grega recorrendo á linguaxe da piedade. «La piedad se manifiesta en lenguaje sagrado, que es acción. Acción que establece –revela– un orden sin pretensión de crearlo, con sabiduría inocente.»<sup>30</sup> Zambrano pretende restituír na linguaxe o seu dicir máis entrañable, desvencellado de todo idealismo. Rescatar o fondo escuro do sagrado baixo un ritmo perdido no home racionalizado é tarefa da poesía tráxica para a autora.<sup>31</sup> Entende que ata a «irracionalidade» tende a atopar unha orde. Ritmo que se expresa na música, matemática ao cabo, pensa a autora *pitagorizando*. E case empregando o mesmo léxico que Dieste, afirma:

La tragedia griega es la madurez de este modo de expresión: conjuro, invocación, decires, que se repiten de tiempo inmemorial, lenguaje de la piedad; género clásico del mundo arcaico. Oficio de la piedad, del sentir que

<sup>27</sup> Rafael Dieste, *La vieja piel del mundo*, O. c., pp. 212-213.

<sup>28</sup> Manuel Altolaguirre, no devandito artigo «Dos libros», p. 59, afirma: «Tal vez estemos viviendo los primeros pasos de un renacimiento teatral».

<sup>29</sup> Rafael Dieste, «La vieja piel del mundo», *El alma y el espejo*, O. c., p. 214.

<sup>30</sup> María Zambrano, «la tragedia, oficio de la piedad», *El hombre y lo divino*, Madrid, FCE, 2007, p. 206.

<sup>31</sup> Seguimos nestes puntos o ensaio «La tragedia, oficio de piedad», O. c., pp. 205-212.

es hacer y conocer; expresión y fijación de un orden que da sentido a los sucesos indecibles; una forma de liturgia.<sup>32</sup>

Ambos autores déixanse impregnar polas obras de Unamuno, Ortega, Dilthey e Heidegger. Máis aló de Nietzsche intentarán atopar un sentido do tempo histórico no que a piedade comece a exercer o seu carácter mediador. A profesora Cristina de la Cruz Ayuso afirma na súa tese de doutoramento que é nas cartas de María Zambrano a Rafael Dieste onde por primeira vez aparece expresamente o tema da piedade na autora malagueña.<sup>33</sup>

E a traxedia é, sobre todo, un medio de comunicación no que se evidencia o pavoroso da realidade, o tremendo. Tanto Dieste como Zambrano no seu percorrer coas Misións Pedagóxicas foron quen de denunciar coa súa escrita, as veces traxedias ou revestidas dela, o que está a suceder na España profunda.<sup>34</sup> Mais será nas súas correspondentes cartas onde ambos autores déixannos pegada das concorrencias doutriniais.

Nunha carta de María Zambrano a Rafael Dieste datada o 12 de xullo do 1945 felicítalo pola obra *Andanzas de Félix Muriel*. Non deixa de sorprendernos a descrición que Dieste realiza do bosque nesta obra. A proximidade de Zambrano á escrita de Dieste neste punto temos que atopala no período máis místico, no de *Claros del Bosque*. Amosaremos algunhas liñas do texto de Dieste:

No basta que haya muchos árboles. Tiene que haber senderos y debe caer alguna hoja inesperada, haciendo lentos giros, o quebrarse de pronto una ramita seca. Todo ello sin viento ni otras causas mecánicas, pues hay en todo el ámbito del bosque una quietud perfecta. La ramita al romperse es como una palabra. La hoja al caer es como un pensamiento concluyente o como una leve advertencia, y en el suelo las hojas caídas parecen entenderse unas con otras, en un tácito ensueño compartido, muy semejante al más remoto saber de la memoria. Los árboles no tiemblan nunca. Ignoran y confían. Son como guardianes enormes, que se dejan arrebatar un niño, porque no son guardianes de los niños, sino de su origen, algo que los señala, pero que se

<sup>32</sup> O. c. pp. 209-210.

<sup>33</sup> Cristina de la Cruz Ayuso, *La piedad, el saber de participación con la realidad. Una aproximación al pensamiento de María Zambrano*, Universidad de Deusto, Servicio de publicaciones U. D., Bilbao, 2000, p. 259.

<sup>34</sup> Lémbranos á visión que Pablo Neruda («Federico García Lorca», *Hora de España*, V I, Ed. Laia, Barcelona, 1977, pp. 234-235) outorga ao periplo de Lorca coa *troupe* de La Barraca: «Ni los trajes antiguos, ni el lenguaje arcaico chocaban a esos campesinos que muchas veces no habían visto un automóvil ni escuchado un gramófono. Por en medio de la tremenda, fantástica pobreza del campesino español que aún yo, yo he visto vivir en cavernas y alimentarse de hierbas y reptiles, pasaba este torbellino mágico de poesía llevando entre los sueños de los viejos poetas los granos de pólvora e insatisfacción de la cultura».

queda allí aunque se los lleven. En cuanto a los senderos de ese bosque no puede decirse que hayan sido impresos por pasos reiterados de gentes que siguen el mismo rumbo. Son nombres, pero sin gentes, y es muy arriesgado caminar por ellos, como lo es hablar allí en voz alta, o simplemente por propia iniciativa. Sólo se puede hablar con una suerte de iniciativa en todo semejante a la más honda pasividad, es decir, convirtiéndose en pájaro ‘para ser del bosque’.<sup>35</sup>

Evidentemente en Rafael Dieste atopamos a influencia do pensamento heideggeriano igual que no seu círculo máis achegado, Colmeiro, Maside, Souto, renovadores da plástica galega. De feito, cando María Zambrano coñece a Rafael Dieste no café La Granja del Henar, discuten ambos sobre a insuficiencia da fenomenoloxía. Nunha carta de autora a Rafael Dieste escrita o 4 de xaneiro do 1974 desde la Pièce afirma: «Y he recordado cuando hablé contigo por primera vez en la terraza de la Granja del Henar –¿qué es de Luguís, qué de Farias?– y creí que venías de Alemania de estudiar con Husserl.»<sup>36</sup>

Na mesma carta a Rafael Dieste, María Zambrano afirma o seguinte sobre o seu libro *Claros del bosque*: « me ha fatigado mucho el acabar ‘Claros del bosque’, libro muy diferente por ser más mío, de todos».<sup>37</sup> Son trinta os anos que separan *Historias e invenciones de Félix Muriel* de *Claros del bosque*.<sup>38</sup> Porén as concorrencias co devandito texto e o comezo da obra da autora malagueña son salientables:

El claro del bosque es un centro en el que no siempre es posible entrar; desde la linde se le mira y el aparecer de algunas huellas de animales no ayuda a dar ese paso. Es otro reino que un alma habita y guarda. Algún pájaro avisa y llama a ir hasta donde vaya marcando su voz. Y se la obedece; luego no se encuentra nada, nada que no sea un lugar intacto que parece haberse abierto en ese solo instante y que nunca más se dará. No hay que buscarlo. No hay que buscar. Es la lección inmediata de los claros del bosque: no hay que ir a buscarlos, ni tampoco a buscar nada de ellos.<sup>39</sup>

A mística que ambos autores exhuman nos textos anteriores recolle como centro a idea dunha natureza que se pode identificar coa *physis* presocrática

<sup>35</sup> R. Dieste, *Historias e invenciones de Félix Muriel*, Ed. La Voz de Galicia, 2004, pp. 11-12.

<sup>36</sup> X. L. Axeitos, *Dos arquivos de Dieste*, «Diálogo Rafael Dieste-María Zambrano», O. c., p. 122.

<sup>37</sup> O. c., p. 123.

<sup>38</sup> Obra descoñecida en España durante tres décadas. Así o afirma Cristina de la Cruz Ayuso na súa tese de doutoramento. O. c., p. 248.

<sup>39</sup> María Zambrano, *Claros del bosque*, Ed. Seix Barral, Barcelona, 1977, p. 11.

analizada por Heidegger. Unha presenza que non é mera aparencia, saída do ocultamento, saída cara á luz. A natureza amósanos o que sae á luz, ao claro, o abrollar esencial. Nesta liña volvíase a expresar Rafael Dieste en *La paloma Equis*: «El lugar de lo oculto se señala por convergente inversión de los mismos rayos con que nos toca lo manifiesto, lo radiante. Y sin ese ‘lugar’ es vano hablar de ocultación».<sup>40</sup> En ambos autores a natureza ofrécenos o seu fastío máis enigmático, o recurso ao divino, ao innomeábel. Esixindo ao ser humano un saber que reclama deste a pasividade. Hilozoísmo nunha natureza que comunica con espazos non varridos polo *logos* dominante. *Physis* na que conflúen o vivo e o divino nunha epifanía do misterio.

Volvamos de novo á carta do 12 de xullo do 1945. É unha carta que a propia autora denomina de «*bussines*».<sup>41</sup> A autora eloxia nestes termos a nova creación literaria de Rafael Dieste: «Desearía que las ‘*Andanzas de Félix Muriel*’ no se hubieran publicado para leerlas de nuevo, aunque claro está que las he leído varias veces ¡que consuelo y que gozo! ¡cuanta felicidad podríamos gozar en la tierra si nos dejaran nada más que un poquitito...».<sup>42</sup> Nesa carta Zambrano fala dun proxecto para a colección «Oro». Colección que pertencía a editorial Atlántida e, segundo Axeitos conta, foi proxectada e deseñada por Carmen Muñoz e Rafael Dieste. O traballo é nin máis nin menos que a «Historia de la Piedad», obra que nunca chegará a ser realizada, de aí a importancia dos *esbozos conceptuais* como sinala Axeitos.<sup>43</sup> Posteriormente dedicará os seus esforzos á temática da piedade formando parte dos ensaios de *El hombre y lo divino*. Rafael Dieste facilita a Zambrano algunhas das publicacións incluídas na devandita colección. Entre elas a «Historia de la libertad» que

<sup>40</sup> Rafael Dieste «La paloma equis», *El alma y el espejo*, O. c., p. 153.

<sup>41</sup> Conta Luís Rei Núñez (Cfr. *Galegos na Historia, Rafael Dieste*, Ed. Ir Indo, Vigo, p. 37-38), como esta obra foi proposta por Seoane, o seu gran amigo desta época, contra o ano 42 en Buenos Aires, Seoane pídelle, case obrigandoo, a facer un libro para unha colección en Nova. Seoane pídelle que o faga en dous meses. Cada semana debe levarlle ao café Tortoni as narracións que vaia traballando. É un cadro do *universo edénico* de Rianxo, da infancia de Rafael. Ilustrado polo propio Seoane recibirá diferentes homenaxes en 1943.

<sup>42</sup> X. L. Axeitos, «Dos arquivos de Dieste», O. c., p. 116.

<sup>43</sup> Engadimos o devandito esbozo conceptual: «Concibo la piedad como la forma genérica de relación con la realidad, con lo cualitativo, con lo irreductible a la razón. Y presento algunos de sus conflictos con la razón, por ejemplo el de Antígona y Sócrates en el mundo griego, el de Nietzsche en la época actual. Hago un esquema del cristianismo, del judaísmo, de las Religiones de Misterios orientales, de Buda, de los Vedas Lao Tse e historias de algunos santos culminantes: san Francisco, santa Catalina de Siena; diferencio entre la época moderna la caridad sentimental, la filantropía, etc...¿qué te parece? Es el cauce de un gran libro que quizá un día escriba.» O. c., p. 120.

asinada polo alcume Francisco Genil encubría a Francisco Ayala. Posiblemente sérvelle de pauta á autora no intre de decantarse por este título.

A temática da piedade en Zambrano é tremendamente recorrente, case que un fío condutor da axioloxía zambraniana. «La piedad es el saber tratar adecuadamente con lo otro ... siempre se refiere al trato de algo o alguien que no está en nuestro mismo plano vital; un dios, un animal, una planta, un ser humano enfermo o monstruoso, algo invisible o innominado, algo que es y no es.»<sup>44</sup> Contra o final do capítulo María Zambrano ponlle faciana á piedade, a faciana dunha caste máis que dunha persoa, a faciana de Antígona. Na obra de Rafael Dieste *La vieja piel del mundo* atopamos a concordancia de ambos autores ao coincidiren nos modos de representación.

La piedad –di Dieste–, cuando es presencia de espíritu que acompaña en tiempos terribles y es fiel y firme como Antígona, vale muchos luceros. No haya conclusión: Nietzsche amó los ojos quietos de Antígona y vió su silencioso resplandor por los caminos del espanto y amó su eternidad. Y también hay que decir que la serena pasión trágica implica el sentimiento de que toda manifestación, si es íntegra, es recíproca, o clama al misterio reciprocidad de presencia; y por eso él dijo con toda su entereza: ‘Te amo, eternidad’, sincerándose a ella.<sup>45</sup>

Este ensaio foi concibido por Rafael Dieste na primavera do 35, empregando o título dun soño de Carmen Muñoz. Conta Rei Núñez como Carmen Muñoz tivo un soño no que ela escribía cunha pluma, moi Santa Teresa di ela, un libro. No soño Rafael Dieste ía por detrás dela preguntándolle sobre o que escribía e ela respondíalle: «La vieja piel del mundo».<sup>46</sup> Libro que como vimos dicindo escribe Rafael Dieste e non a Carmen Muñoz vestida de Santa Teresa do soño.

Se María Zambrano tiña ou non a idea de relacionar a piedade coa caste de Antígona non o sabemos. Mais parece que hai unha serie de confluencias que callan no seu estudo da piedade. Entre elas atopamos o pensamento de Unamuno, de Scheler e Nietzsche entre outros. Non podemos dicir que Rafael Dieste abriera os ollos de María Zambrano con esta conexión pois a personaxe de Antígona estíbese a representar e reescribir profusamente nese intre histórico, como é lóxico. O que si salientamos é a fugacidade desta conexión en

<sup>44</sup> María Zambrano, *El hombre y lo divino*, O. c., pp. 193-194.

<sup>45</sup> Rafael Dieste, «La vieja piel del mundo», *El alma y el espejo*, O. c., p. 218.

<sup>46</sup> Cfr. Luís Rei Núñez, *Rafael Dieste*, O. c., p. 24.

Rafael Dieste, aludindo a Nietzsche, que logo atoparemos constantemente na autora. Podemos falar de comunidade simbólica en ambos pensadores.<sup>47</sup>

### A terra como elemento da razón poética

Hai nas cartas de María Zambrano a Rafael Dieste uns indicios explicativos do que chegará a ser parte da traxectoria filosófica da autora. Frases de Zambrano que os zambranianos repiten nas súas reflexións. Comezaremos pola temática que servirá de distintivo doutrinal, a razón poética. Nunha carta a Dieste datada o 7 de novembro do 1944 Zambrano vai a recoñecer por primeira vez a filosofía que procura:

Hace ya años en la guerra sentí que no eran ‘nuevos principios ni una Reforma de la Razón’, como Ortega había postulado en sus últimos cursos, lo que ha de salvarnos, sino algo que sea razón, pero más ancho, algo que se deslice también por los interiores, como una gota de aceite que apacigua y suaviza, una gota de felicidad. Razón poética... es lo que vengo buscando. Y ella no es como la otra, tiene, ha de tener muchas formas, será la misma en géneros diferentes.<sup>48</sup>

É un texto importantísimo pois supón a primeira achega da autora referíndose a súa postura orixinal e disidente da razón vital do seu mestre Ortega. É unha carta breve na que se entreviran estes e outros asuntos literarios e mundanos. Chama a atención o feito case telegráfico de como María Zambrano comunica ao seu amigo esta nova ruta do seu pensamento. Semella un instante luminoso no que talvez escribía para entenderse ou ao entenderse escribía.

O anterior texto, como dicimos, é moi coñecido e aparece reiteradas veces en estudos zambranianos pois é o primeiro recoñecemento de María Zambrano de cal vai ser a súa pegada na historia do pensamento. Nembargante hai outro texto, outra carta se cadra menos evidente, que ao noso parecer adianta o contido da anterior e o relaciona co concepto de terra. É unha carta sen data que Xosé Lois Axeitos estima do ano 33 polos acontecementos plasmados. Nestes anos prodúcense esas «rebeldías» de María Zambrano, como dicía Rafael Dieste, contra a *razón vital* do que fora o seu mestre.

<sup>47</sup> As rutas doutrinais de ambos autores ofrécennos unha proximidade que coidamos corresponde a unha formación similar, unha atmosfera común, máis que a influencias directas que tampouco descartamos. É tamén salientable o emprego da palabra piedade no contexto cotiá desta xeración. Nas cartas persoais de Rafael Dieste, por exemplo, podemos decatarnos da utilización acotío do termo, hoxe anacrónico.

<sup>48</sup> X. L. Axeitos, «Dos arquivos de Dieste», O. c., p. 102.

María Zambrano afirma que o mundo da imaxinación tamén ten raíces. Na procura dunha áncora para o mundo, as veces espectral, da imaxinación. A busca de sentido é o comezo do trazado dunha viraxe na concepción do *logos*, un *logos* máis ancho que dirá a autora. Hai unha terra, unha concepción da terra, sobre a cal medran as raíces, abrollan as sementes da imaxinación. É unha terra exenta, ou anterior, ao binarismo conceptual que a afasta do mundo creativo. Non se opón a outras categorías máis elevadas. A terra é dignificada por Zambrano nesta carta a Dieste a través do seu recoñecemento como chan nutricio da imaxinación, e polo tanto, da produción artística.

Servíndose do contexto creativo da pintura do galego Arturo Souto a autora vains anunciar o que está a nacer, o *logos* poético. María Zambrano describe un cadro cun recendo agridoce, de ambientes lúgubres e humildes identificables co que María Zambrano denomina en outras escritas «o vencido». Fala de mulleres deformes e homes de cara de gato.<sup>49</sup>

Maila que o monstruoso, o a medio facer, compón na obra de María Zambrano o xermolo do que está a transformarse. A figura animal do gato, sempre presente na vida da autora, é a dun ser espectral, divino, evocadora da transcendencia. A autora métese na escena dun «tugurio» no que mariñeiros e prostitutas, baixo a súa mirada, dignifícanse. Esas «mujeres de tierra», non son sempre *terra seca*, despoxo tralo exercicio sexual senón «barro fecundo». Material mediador, barro que é carne no contexto bíblico tan presente na filosofía. Contexto ao cal acode nesta mesma carta para reivindicaren a o *Deus carnal*, o *que baixa á terra*, o *salvador*, segundo ela. Ponte comunicador, espazo de tránsito, a partir do cal algo se acada. Quere a nosa autora albiscar o que hai de terra nos altos cumes do pensamento de Descartes e Husserl. «En todo está la tierra», di María Zambrano. A terra xa non mera codia pola que transita o humano, albíscase xa no horizonte o concepto de entraña.<sup>50</sup> Talvez, unha nova volta sobre o sentido da terra nietzscheano, valor mesturado coas crenzas da autora que remiten a un Deus carnal. Un Deus que ó longo da obra de Zambrano vai tomando distintos fastíos. Esta é outra das temáticas salientables nas

<sup>49</sup> Cando Rafael Dieste describe a chegada ao mundo de Félix Muriel fará unha descrición moi similar. A nai de Félix cóntalle que o trouxo ao mundo un maragato nunha cesta. «Pero un maragato para mí era entonces un hombre que va y viene, mojado de lluvia o salpicado de mar, descalzo y con cara de gato.» Segue Rafael Dieste facendo un bocexo das pescadoras con cestas na cabeza e nenos pequenos nelas, como o maragato que o entregou a súa nai. Rafael Dieste, *Historias e invenciones de Félix Muriel*, Alianza Editorial, 2004, ed. para La Voz de Galicia, p. 9.

<sup>50</sup> Nun texto de Zambrano, «Misericordia», publicado no nº XXI de *Hora de España*, 1938, xa aparece claramente o concepto de entraña como metáfora e logo elemento indispensable da razón poética.

cartas de María Zambrano a Rafael Dieste. Na mesma carta datada contra o ano 1933 engade María Zambrano que quere atopar ao Deus cristián mais non o do idealismo. Na seguinte, datada en novembro do 37 desde Valencia:

Dudo ser cristiana. El cristianismo es –no sé si originariamente– mucho de soberbia; quizá el mundo moderno ha vertido su soberbia sobre el cristianismo originario. No he decidido no ser cristiana, sino que dudo seriamente de serlo.

Neste texto María Zambrano, como noutras ocasións, adianta a Rafael Dieste facianas que anuncian unha obra que está a ser construída. Temáticas que paseniño van tomando corpo na obra da autora.

Nun artigo de 1938 que a filósofa publica en *Hora de España*, «Pablo Neruda o el amor de la materia» vai recrear unha análise moi similar na concepción da materia e da divindade. Defende a poesía de Neruda fronte a aquelas que son simplemente contemplativas. E, como na obra de Arturo Souto, ve Zambrano na poesía de Neruda, erixirse a materia. En ambos casos é unha aposta polo caído, polo que «para un cristiano –en quien se exacerbaba ese afán platónico– sería justamente el pecado, sería poesía de la caída y de lo caído».<sup>51</sup> Zambrano anda na procura dun *logos* que albergue aquilo deturpado en Occidente polo racionalismo imperante. A materia adoecía de peso no mundo das ideas platónico e paradoxalmente gravitaba pesada servindo de *humus* seminal. Zambrano albisca na pintura de Souto e na poesía de Neruda a dignidade da materia como categoría destacable e ata de agora esquecida. Na homenaxe a Neruda xa aparece claramente o termo «entraña» como materia, como cavidade subterránea e escura por onde se esvaece todo o vencido.<sup>52</sup> A concepción zambraniana da *entraña proletaria* vaise servir da arte, prioritariamente da poesía, aínda que tamén a pintura e a música entran en xogo, para a súa dilucidación.

<sup>51</sup> María Zambrano, *Senderos*, «Pablo Neruda o el amor a la materia», Anthropos, Barcelona, 1986, p. 149. A publicación aparece primeramente en *Hora de España* co mesmo contido, so cambia lixeiramente o título inicial: «Pablo Neruda o el amor de la materia» (*Hora de España*, V. 5, O. c., pp. 359-366).

<sup>52</sup> «Porque lo divino de la materia es su servidumbre, su mansa y violenta servidumbre, su dulcísima servidumbre que nos invita a imitarla.

Amor, terrible amor a la materia, que acaba en ser amor de entrañas, de la oscura interioridad del mundo. Sobre la superficie del mundo están las formas y la luz que las define, mientras la materia gime bajo ella.» No texto da editorial Anthropos, p. 150, e no texto publicado en *Hora de España*, O. c., p. 362, aparecen os mesmos contidos salvo cando se refire ao amor á materia que trocará «amor de la materia» do texto de *Hora de España* a «amor a la materia» de Anthropos, igual que nos títulos.

Na poesía de Neruda María Zambrano atopa, como na pintura de Arturo Souto, a áncora necesaria para a reflexión, ao estaren vencellada á terra. Obra na que se rende tributo ao pavoroso do humano, aquilo deturpado polo occidente da razón idealista, do racionalismo. Os semi-seres, o monstruoso, o morto, o prostituído, todo o que entra na categoría do *vencido*, do deostado, vai ser redimido dende instancias combativas e, as veces, provocadoras: «Mas, de la caída o de lo caído cabe hacer poesía en un sentido cristiano a lo Baudelaire, descendiendo hasta ello para con ello hermanarse y por amor, ese amor del que Baudelaire dice ‘el gusto de la prostitución’, redimirlo. Redimirlo, sí, porque Dios es la criatura más ‘prostituída’, quiere así decir: más misericordiosa».<sup>53</sup> Toda unha alegación a prol da materia fronte á forma. Unha materia que é divina grazas a súa servidume. O divino é para a autora o irreductible, o implacable, aquilo que non accede ao sacrificio.<sup>54</sup> María Zambrano chega a definir o divino como o irreductible ao humano.<sup>55</sup> O mundo que a autora interpreta nas obras de Arturo Souto e Neruda é un mundo descosido da tradición occidental, da tradición, denominada pola autora, greco-cristiana. A terra non aparece como o espazo a ser salvado, é o que se resiste a tal intento, o irreductible, o rebelde. O trato coa materia, con aquilo interpretado como materia por occidente, non é de perdón e salvación se non de fractura cos límites trazados. Grazas ao *a priori* do amor, a materia consegue desengaiolarse. O amor á materia é o amor ao oculto, ás entrañas. Reclamo da *materia prima* no senso aristotélico do termo, desinformada.

Maila que cun sentido último para o novo *logos* zambraniano. E como polo tensorial de tal *a priori*, a morte. Se a materia asume o estatuto de entraña escura, aínda lle quedan chanzos de maior escuridade.<sup>56</sup> Hai un reclamo a unha «cultura diferente» na obra de Neruda, unha concepción diversa da occidental, mais non nova. Dignificación da materia nun sentido para a autora aínda descoñecido en Occidente. Se ten que atopar puntos de confluencia atoparalos na España na súa traxedia (a *hora de España*), nas voces do pobo, no chan duro e pobre. Nestas obras Zambrano reflicte unha dimensión nova (como ela mesma afirma cara ao final do devandito artigo), unha nova luz na que o seu

<sup>53</sup> O. c., p. 149.

<sup>54</sup> María Zambrano, *El hombre y lo divino*, F. C. E., Madrid, 2007, p.126.

<sup>55</sup> O. C. p., 136.

<sup>56</sup> «La muerte en la materia y la materia misma de la muerte, abstracta, hueca, irremediable. Y este pozo oscuro donde nos caemos sin remedio es la oquedad sin plenitud posible de la compacta materia donde fuimos a refugiarnos, es el desengaño del amor de la materia, porque el desengaño del amor es siempre la misma invencible sima». María Zambrano, *Senderos*, «Pablo Neruda o el amor a la materia», Anthopos, Barcelona, 1986, p. 153.

pensamento está apuntando firmemente a un *logos* «máis ancho». Anuncio dunha nova luz que é quen de non amosarse como diáfana para ofrecer as arestas irreducibles, divinas, da materia. Materialismo aínda por explorar en occidente. Tremendamente próxima a concepción heideggeriana da obra de arte. Aludindo ao *cósico* da obra de arte o autor de *Ser e tempo* remítenos a un cerne impermeable, irreducible, illada das relacións acotío preestablecidas. A obra de arte establece un mundo, o inobxectivo, ao mesmo tempo que fai a terra.<sup>57</sup> A terra é o que tende ao autoocultamento mantendo ao mesmo tempo ao mundo. A obra de arte establece un mundo facendo a terra, dinamismo necesario que descansa sobre o acougo da obra mesma. A concepción da terra como o sobresaínte, a salvagarda do mundo, plasmada por Heidegger no ensaio *Arte e poesía*,<sup>58</sup> está na base da expresión zambraniana de «terra» que aparece na carta do 33 a Rafael Dieste.<sup>59</sup> Terra deostada por unha tradición que abrangue de Platón e que non se deixa impregnar nos poemas de Neruda nin nos cadros de Arturo Souto. A filósofa faille saber a Rafael Dieste nestas cartas que anda remexendo nunha tradición non dominante, a que redime á materia do asoballamento secular.

A concepción estética diesteano atopa neste punto un lugar de encontro co pensamento da autora. O profesor Arturo Casas fala dun proceso ascendente de desidentificación con Husserl no que se atoparían tanto Ortega como Rafael Dieste. Fronte a *epojé* fenomenolóxica habería un recoñecemento do experimentable. Mais o que nos interesa subliñar é a relación que establece entre Rafael Dieste e Heidegger ao entender a contemplación estética como *eclosión* da cousa contemplada.<sup>60</sup> A autora de Vélez e o rianxeiro asumen a contemplación estética dun xeito próximo ao Heidegger de *Arte e poesía*. A obra de arte éa en tanto apertura e nesa apertura acontece a verdade. A obra de arte establece un mundo, abrindo a terra.<sup>61</sup> Asemade tanto en María Zambrano como en Rafael Dieste a contemplación estética crea un diálogo que

<sup>57</sup> «Hacer la tierra quiere decir: hacerla patente como ocultante de ella misma». M. Heidegger, *Arte y poesía*, F C E, Madrid, 1999, p. 78.

<sup>58</sup> A obra traducida por Samuel Ramos recolle dúas conferencias de Heidegger: *El origen de la obra de arte e Hölderlin y la esencia de la poesía*, remitirémonos ao primeiro dos ensaios.

<sup>59</sup> A loita entre a vontade do artista e a materia queda exemplificada por Heidegger co templo, imaxe que tamén evocará Zambrano, así como a das ruínas. Conflito xa estudado por Simmel como deixa patente Samuel Ramos no prólogo ao ensaio de Heidegger, *Arte y poesía*.

<sup>60</sup> Cfr. O. c., p. 52.

<sup>61</sup> «Pero el mundo no es simplemente lo abierto que corresponde a lo iluminado y la tierra no es lo cerrado que corresponde a la ocultación... la verdad acontece como la lucha primordial entre el alumbramiento y la ocultación». Heidegger, O. c., p. 89.

media ao suxeito e ao seu mundo. «As botas suxas pintadas por Van Gogh son vínculo do campesiño co seu mundo, un signo da súa implantación na terra».<sup>62</sup>

En definitiva, nos traballos de Rafael Dieste e María Zambrano amósase unha visión da arte como apertura á verdade esencial do ser.

### Derradeira homenaxe

Finalmente María Zambrano escribirá unha carta datada o 18 de abril do 1981 desde Xenebra en homenaxe a Rafael Dieste. O presidente do ateneo ferrolán, Ángel Teijeiro, pídelle a María Zambrano que escriba unhas notas para tal evento. O texto publicouse tres anos máis tarde, polo tanto, trala morte de Rafael Dieste (15 de outubro do 1981). É unha carta autógrafa, de difícil lectura en ocasións, a que chega a publicarse na cal salientamos as seguintes palabras:

—Pertenece Rafael Dieste a esa rara categoría de personas en las que desbordan los valores y ‘virtudes’.

Su obra misma y aun su palabra. Es Rafael Dieste; escritor penetrante, incanjeable, peregrino en plurales tierras, sobre todo y antes que nada, un Ser<sup>63</sup>, un ser de comunión, activo siempre, que mueve a dar gracias a quien se debe, por haberle encontrado —y una vez encontrado no se podía perder— sino ante todo por que exista. Su presencia ha sido siempre irradiante, es decir: generosa, luminosa, como para ser cantada<sup>64</sup> mas que contada. Seale dado algo, eco no mar sea en mis pobres palabras, alguna nota de ese Canto.

María Zambrano.

Ginebra Viernes Santo.<sup>65</sup>

María Zambrano remítenos claramente ao dicir poético comentado anteriormente. Fronte á espontaneidade que resulta mentireira, ela elixe a palabra poética, eco, non mar. Palabra impregnada de realidade como sucede para ela no eido dos soños. Xa que espertar é entrar nun soño xa en marcha.<sup>66</sup> A realidade que nos ofrece o espertar conta con tebras ocultadoras, de aí a procura pola autora dun verbo inicial, eco, forma natural, dunha intelixencia que coincide xerando.<sup>67</sup> A realidade caracterizada pola resistencia déixanos unha

<sup>62</sup> Casas, O. c., p. 52.

<sup>63</sup> Subliñado pola autora no orixinal.

<sup>64</sup> Tamén subliñada esta palabra pola autora.

<sup>65</sup> Carta de M<sup>a</sup> Zambrano publicada en *Cuadernos Ateneo Ferrolán*, Ano III-Número II-Nadal 1983, Ed. Ateneo ferrolán, Pontedeume, 1983, pp. 52,53.

<sup>66</sup> Cfr. M. Zambrano, *Delirio y destino*, O. c., p.62.

<sup>67</sup> Cfr. O. c., p. 59.

fenda pola cal traspasarnos. Faino poéticamente. «La palabra humana es eco, inicialmente, como nuestra luz es refleja».<sup>68</sup>

Jesús Moreno Sanz fala dos tres mestres –Ortega, Unamuno e Machado– e dos tres «irmáns», almas xemelgas –Bergamín, Emilio Prados e Rafael Dieste– de María Zambrano.<sup>69</sup> Almas xemelgas con destinos esquivos, grandes concorrencias doutrinais partindo de perspectivas non sempre confluentes. Para Zambrano pódese clasificar a historia do pensamento entre aqueles pensadores preocupados polo tempo e os que o fan do espazo. Ela, pensadora do tempo, el, do espazo, renden sen embargo culto ao ritmo, a polifonía do universo. E, ao mesmo tempo, podemos falar da importancia do espazo e da materia para a autora así como a do tempo para Rafael Dieste.<sup>70</sup> Outra das súas xenerosidades, non seren categóricos. O pensamento debe reflectir o fluxo vital, a pulsión heteroxénea do real. Escritas que, como dicíamos ao principio do texto, teñen irregularmente a pegada do modernismo pero xa apuntando cara outros rexistros. A busca de textos que poñan voz ás minorías, a visión poética da historia, os discursos ás veces fragmentarios, son mostra da alborada dun espazo intelectual.

Zambrano nunha carta a Edison Simons (La Pièce, sábado 30 de xuño de 1977) afirmaba:

Y en largos momentos –Rafael Dieste fue mi compañero un cierto tiempo– ir al encuentro de géneros literarios inéditos. Lo inédito, sí, en que se cumple la tradición, sin cuya aparición la tradición muere o queda en fantasma insepulto que merodea y acosa.<sup>71</sup>

Inquedanzas literarias comúns sempre vinculadas a unha tradición da que estiman oportuno non desfacerse. Pensamento de raizame terráquea, indo e vindo do pobo e para o pobo.

<sup>68</sup> Loc. Cit.

<sup>69</sup> Cfr. J. Moreno Sanz, *La razón en la sombra*, Ed. Siruela, Madrid, 2003, p. 43.

<sup>70</sup> Nas entrevistas recollidas por Marga Romero a Rafael Dieste, o autor afirma: «Eu teño un grande amor polo espazo: o que os ollos teñan distancia, o que un poida moverse, o que as estrelas concertasen entre si con unha danza tan armoniosa, o que haxa esas distancias tan organizadas dunha forma tan lóxica, todo isto parecíame sempre unha maravilla, e parecíame ademais –non sei se influido por Shopenhauer, pero coincidindo con el– que tiña moito que ver co tempo. E dicir, que o tempo e o espazo, dunha maneira ou outra, áchanse nunha especie de subordinación recíproca». p. 150.

<sup>71</sup> *Correspondencias Simons / Zambrano*, Fugaz/Ediciones, Colección Algorás, 1995, Madrid, p. 30.

Rafael Dieste chega a falar de «sorprendentes coincidencias» nunha carta escrita contra o 17 de abril de 1975 desde A Coruña<sup>72</sup>. Élle inxusta mesmo a palabra coincidencia, pois entende unha fondura non rexistrable para alén dela. A visión da contemplación estética asociada a unha ética de encontro co outro. A revolución terminolóxica ensarillada na procura dun espazo propio. A falta de militancia partidaria, por unha banda, ou mesmo o alto prezo do compromiso político, por outra. A defensa dunha cultura imbricada na terra, como tamén temos sinalado. A natureza entendida desde unha concepción hilozoísta. Son estas algunhas das pegadas que van pechando o círculo dun claro no que, sen buscalo, se atoparon ambos autores. Encontros entre dous autores enraizados nos polos opostos da xeografía peninsular. Compartirán un espazo de diálogo común asemade de algúns caracteres xenuínos nos que intentaremos afondar en futuros estudos.

A escrita e a propia biografía destes pensadores amigos forma parte xa do chamado «batallón do talento» ou da chamada por María Zambrano a «xeración do touro». Están no cerne da praza, non son meros espectadores. Son os sacrificados.

Facendo uso das palabras do poeta e tamén forxador da *Hora de España*, Miguel Hernández, referíndose ao mítico animal profería: «nacido para el luto... me crezco en el castigo».<sup>73</sup>

---

<sup>72</sup> Aranzazu Serantes, *Correspondencia R. Dieste-María Zambrano*, Boletín Galego de Literatura, 2010, nº 43, p. 267.

<sup>73</sup> Miguel Hernández, *Poesía Completa*, Ed. Aguilar, Madrid, 1979, «El rayo que no cesa», nº 23, p. 378.

